

«Aos novos non lles gustan as coplas»

A AELG acaba de galardoar a Dolores Macías Pose, veciña de Cabana, pola súa dedicación á cultura popular

[Á. Palmou](#) Carballo / La Voz, 18 de febreiro de 2016.



Ao igual que o músico que mentres conversa vai arrancando notas do seu instrumento ou o escritor que nunca esquece ter a man papel e bolígrafo para anotar as ideas que nacen no seu maxín, Dolores Macías Pose sempre ten no bico un cantar co que dar renda solta á súa gran paixón: «Cando vou para o muíño / asubíos me van dando / hache de ser Farruquiño / que anda no monte co ghando / Farruco vaite ao muíño / que che ha de ter acabado / coa ala do sombreiro / varreraslle o tremiñado», recita ao pouco de comezar a falar esta veciña de Cabana convertida aos seus 85 anos en memoria viva dunha tradición ameazada polo paso do tempo: a das coplas e as historias en verso coas que décadas atrás se animaban as xornadas de feira e de traballo compartido ou as noites de inverno ao carón dunha lareira.

A súa nai, María; as fiadas en Esmorís, Cesullas, ou Bamiro, en Vimianzo, e as feiras son -tal como contou xa no seu día Ángel Eiroa, neto doutra veterana copleira cabanesa, Aurora Ramos Pereiro, de

102 anos- algunhas das fontes das que bebeu Dolores, incapaz de lembrar cando ou cal foi a primeira copla que aprendeu, pero que non deixou de acumular desde entón na súa cabeza todo ese saber popular. «Agora xa son unha viegha. A voz xa me falla bastante, pero de momento sigo cantando porque é algo que me gusta moito», explica antes de arrincarse outra vez en verso: «Sei cantar e sei bailar / sei toca-la pandeireta / o que se case comigo / leva a música completa», recita recuperando un ofrecemento que nunca se chegou a materializar.

Solteira e ligada sempre á terra na que naceu e na que traballou durante toda a súa vida, Dolores lembra ben a «marabillosa» viaxe que fixo a Venezuela trala morte da súa nai para visitar aos seus irmáns. Aínda que non é en Caracas, senón en Bos Aires, onde está ambientado un dos seus relatos máis coñecidos e co que cativou tamén a Gayoso no seu televisivo Luar: «Os voy a contar un caso / que en Buenos Aires pasó / con una honrada joven / hija de nuestra región», comeza esta historia de emigrantes e sorprendente final: «Válghame Dios de los sielos / que rareza más estraña / encontrar a una hija / cuando una novia buscaba».

Pero os grandes protagonista das súas coplas son os paisaxes e as xentes da Costa da Morte, xa sexan os lugares máis próximos a súa casa -«Viva Dombate e A Ghándara / Vilaseco, Fontefría / eran as catro partidas / donde m?eu adevertía»; «Para Bamiro vou rindo / Para Baio vou cantando / Para o concello de Cabana / Vou como a troita nadando?»- ou algunhas celebracións tradicionais nas que participou de rapaza e que agora rememora cantando: «Este ano fun á Barca / para o que vén hei de volver / que me quedou a mantilla / no altar por recoller»; «Nosa señora da Barca / ten a porta cara o mar / un pouquiño máis abaixo / está a pedra da Abalar».

Dolores recoñece sentir mágoa pola perda dunha tradición á que permanece allea a mocidade. «Á xente nova xa non lle gustan as coplas, prefire cousas modernas. Antes bailabamos unha xota, unha muiñeira, un valse, bailes moi bonitos, pero agora vas a unha festa e non hai diso». Pero tamén en evitar que esa perda chegue a producirse ten xogado esta cabanesa un papel fundamental: colaborando con grupos como Xacarandaina ou na elaboración do Cancioneiro de Cabana de Pablo Díaz e Olga Kirk, e participando en varias das polafías coas que a Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) está a gravar por toda Galicia estas manifestacións da cultura tradicional.

Todo este labor acaba de ter agora recompensa cun dos dous premios Mestras e Mestres de Memoria, cos que a AELG recoñece «toda unha vida de dedicación exemplar á transmisión oral de saberes e valores da nosa cultura popular tradicional». Dolores recoñece que a súa idade non lle gusta viaxar, pero a pesares do que di a copla coa que despide a conversa («Eu aquí non canto máis / que se me acabou a ghrasia / e a pouquiña que me queda / lévoa pra a miña casa»), seguro que estará ese día en Lugo cun cantar nos seus beizos.